



## EXCURSIONISMO

### CADRO: EXCURSIONISMO

<b>Organismo responsable:</b>	Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia
<b>Metas de información:</b>	Coñecer o volume de excursións realizadas por residentes e non residentes
<b>Obxectivos:</b>	Excursionismo ten como obxectivo o estudo do número de excursións efectuadas, con destino e orixe Galicia, polos residentes e os non residentes ao longo ano, distinguindo entre os motivos do mesmo e o gasto medio por persoa.
<b>Tipo de actividade:</b>	Continua
<b>Período inicial:</b>	O período inicial é o primeiro ano para o que dispoñemos de datos: 2016
<b>Periodicidade:</b>	Anual
<b>Ámbito xeográfico:</b>	Comunidade Autónoma galega
<b>Colectivo:</b>	Persoas que levan a cabo unha excursión
<b>Filtro:</b>	Excursións
<b>Método de recollida:</b>	Consulta vía web e peticións particulares ao IGE
<b>Fonte dos datos:</b>	INE-IGE. FRONTUR-EGATUR-ETR. Elaboración propia
<b>Enlaces fonte orixinal:</b>	<a href="http://www.ine.es">www.ine.es</a> <a href="http://www.ige.eu">www.ige.eu</a>
<b>Medio difusión:</b>	Páxina web da Área a través do portal da Axencia Turismo de Galicia
<b>Publicacións:</b>	Informes en formato texto e táboas de datos
<b>Prazos publicación:</b>	Informe carácter mensual e anual

## ACTIVIDADE: EXCURSIONISMO

### 1. Contacto

**Organización:** Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia  
**Dirección:** Estrada Santiago - Noia km 1. A Barcia - 15897  
Santiago de Compostela (A Coruña)

### 2. Presentación estatística

#### 2.1. Descrición dos datos

Excursionismo é unha actividade estatística que recolle a información sobre os viaxeiros residentes e non residentes en Galicia que non pasan alomenos unha noite no lugar de destino. O obxectivo principal desta actividade é estudar as variables número de excursións efectuadas a Galicia por residentes e non-residentes, así como as excursións de residentes en Galicia con destino outra comunidade autónoma ou outro país; os motivos (traballo remunerado en destino ou resto de motivos) e o gasto medio por persoa. A poboación obxecto de estudo neste traballo son todos os individuos residentes en España e no estranxeiro que levan a cabo unha excursión a Galicia ou dende ela.

#### 2.2. Sistemas de clasificación

- Orixe
  - Galicia
  - Resto de España
  - Estranxeiro
- Variables de Estudo
  - Excursións
  - Gasto total

#### 2.3. Cobertura por sectores

Excursionismo receptor e interior: recolle as excursións realizadas pola poboación residente en Galicia, no resto de España e no estranxeiro

#### 2.4. Conceptos e definicións estatísticos

**Residencia habitual** Lugar onde unha persoa normalmente pasa os períodos diarios de descanso, sin ter en conta as ausencias temporais por viaxes de ocio, vacacións, visitas a familiares e amigos, negocios,

tratamiento médico ou peregrinación relixiosa. Non obstante, só se considerarán residentes habituais nunha circunscrición territorial:

- Aqueles que, segundo a definición anterior, residiran habitualmente na mesma por un período continuado de alomenos doce meses
- Aqueles que, segundo a definición anterior, estableceran a súa residencia habitual na mesma fai menos de doce meses pero tiveran intención de permanecer nela alomenos un ano

**Entorno habitual** Área xeográfica formada por zonas non necesariamente contiguas, nas que unha persoa leva a cabo habitualmente as súas actividades que se determinará sobre a base dos seguintes criterios: o traspaso de fronteiras administrativas ou a distancia dende o lugar de residencia habitual, a duración da visita, a súa frecuencia e o obxectivo da mesma.

**Poboación residente** Defínese a poboación residente nun determinado ámbito xeográfico a aquelas persoas que na data de referencia teñen establecida a súa residencia habitual no mesmo.

**Viaxe** Desprazamento fora do concello de residencia, por calquera motivo, no que alo menos se pasa unha noite e que finaliza no período de referencia.

**Viaxe turístico** Considerase viaxe turístico aquel desprazamento a un destino principal fuera del entorno de residencia habitual de la persona, que impliquen al menos una pernoctación fuera del mencionado entorno y tengan una duración inferior a un año, siempre que el principal motivo del mismo, incluidos negocios, ocio u otros motivos personales, sea distinto de un empleo en una empresa establecida en el lugar visitado.

**Visitante** Persoa que viaxa a un destino distinto ao do seu entorno habitual, por unha duración inferior a un ano, con calquera finalidade principal (ocio, negocios ou outro motivo persoal) que non sexa ser empregado por unha entidade residente no lugar visitado. Estas viaxes realizadas polos visitantes considéranse viaxes turísticos.

**Destino principal** Lugar onde o visitante pasa máis tempo que en ningún outro lugar.

**Turista** Visitante que realiza unha viaxe turística con alo menos unha noite.

**Excursión** Considerase excursión todo desprazamiento sin pasar alomenos unha noite realizado fora do entorno habitual da persoa e que teña como punto de partida o entorno habitual da mesma.

## 2.5. Poboación estatística

A poboación obxecto de estudo está formada polos viaxeiros que levan a cabo unha excursión a Galicia ou dende ela sen pasar alomenos unha noite

## 2.6. Ámbito xeográfico

As operacións FRONTUR e ETR exténdese a todo o territorio nacional.

## **2.7. Cobertura temporal**

Datos mensuales dispoñibles dende outubro de 2015

## **2.8. Período base**

Ano 2015

## **2.9. Unidade de medida**

Excursionistas

## **2.10. Período de referencia**

Mes

# **3. Mandato institucional**

## **3.1. Actos xurídicos e outros acordos**

Esta actividade non están contemplada en ningunha normativa oficial, nin da Axencia de Turismo de Galicia nin do Instituto Galego de Estatística (IGE)

# **4. Confidencialidade**

## **4.1. Política de confidencialidade**

A Lei 12/1989, de 9 de maio, da Función Estatística Pública obriga ao INE a non difundir en ningún caso os datos persoais calquera que sea súa orixe. Enténdese que son datos persoais os referentes a persoas físicas ou xurídicas que ou ben permitan a identificación inmediata dos interesados, ou ben conduzan pola súa estrutura, contido ou grao de desagregación a identificación indirecta dos mesmos. Por outra parte, o Regulamento (CE) nº 223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de marzo de 2009, relativo á estatística europea establece a necesidade de establecer principios e orientacións comúns que garantan a confidencialidade dos datos utilizados para elaborar estatísticas europeas e o acceso a eses datos confidenciais, tendo en conta o progreso técnico e as necesidades dos usuarios nunha sociedade democrática.

## **4.2. Tratamento de datos confidenciais**

A Área de Estudos e Investigación adopta as medidas lóxicas, físicas e administrativas necesarias para que a protección dos datos confidenciais sexa efectiva, dende a recollida de datos ata a súa publicación. Nos cuestionarios das enquisas inclúese unha cláusula legal que informa da protección que ampara aos datos recollidos. Nas fases do tratamento da información os datos que permiten a identificación directa só se conservan mentres son estritamente necesarios para garantir a calidade dos procesos.

Na publicación das táboas de resultados analízase o detalle da información para evitar que poidan deducirse datos confidenciais das unidades estadísticas. Nos casos en que se difunden ficheiros de microdatos, estes sempre están anonimizados. Os datos de identificación directa non se gardan xunto coa propia información estatística despois da fase de recollida de datos.

## 5. Política de difusión

### 5.1. Calendario de difusión

A publicación co avance do calendario realízase o último mes de cada ano e amosa as datas exactas da publicación as estatísticas conxunturais e o mes de publicación das estatísticas estruturais.

### 5.2. Acceso ao calendario de difusión

O calendario de publicacións difúndese a través da páxina web da área (Calendario de publicacións)

### 5.3. Acceso do usuario

Os datos difúndense de xeito simultáneo segundo o calendario de publicación, na maioría dos casos acompañados de nota de prensa. Ao mesmo tempo os datos publícanse na web da Axencia Turismo de Galicia (<https://www.turismo.gal/aei/portal/index.php>).

### 5.4. Frecuencia da difusión

Difusión anual

### 5.5. Comunicados

Os resultados das actividades difúndense xeralmente con informes que se poden consultar tanto no menú correspondente á operación como no apartado das publicacións máis recentes.

### 5.6. Publicacións

Táboas de datos e informes publicados dentro da páxina web da Axencia Turismo de Galicia:

<https://www.turismo.gal/aei/portal/index.php>

## 6. Relevancia

### 6.1. Necesidades do usuario

Entre os usuarios da actividade hay que destacar: Outros organismos públicos (observatorios, etc.), Administracións territoriais (deputacións provinciais), Investigadores e mundo académico, Empresas e institucións sen fin de lucro (servizos de estudo de empresas, fundacións, asociacións, etc.), sindicatos e organizacións patronais. Prensa e medios especializados. Particulares.

## **6.2. Satisfacción do usuario**

Non existe enquisa de satisfacción dos usuarios específica para esta actividade. As peticións de datos trátanse de xeito puntual e satisfáanse en tempo e forma na súa práctica totalidade, sempre que permita as desagregacións solicitadas.

## **7. Oportunidade e puntualidade**

### **7.1. Oportunidade**

Publicación no ano seguinte da publicación dos datos completos por parte do INE

### **7.2. Puntualidade**

Os resultados da enquisa publícanse de acordo ao calendario de publicacións da área de Estudos e Investigación.

## **8. Coherencia e Comparabilidade**

### **8.1. Comparabilidade geográfica**

A homoxeneización dos datos permite unha comparabilidade co resto de Comunidades Autónomas, así como unha comparación tendo en conta os aeroportos individualmente

### **8.2. Comparabilidade temporal**

Os datos son comparables anualmente en todo a serie analizada dado que teñen o mesmo período base

## **9. Revisión de datos**

### **9.1. Revisión de datos - Política**

A Área de Estudos e Investigación non dispón dunha política que regule a revisión dos datos estatísticos.

### **9.2. Revisión de datos - Práctica**

Os datos son definitivos cando son publicados por primeira vez e non están suxeitos a revisión. Si se detectan erros e os datos e informes deben ser modificados, entón engádese unha nota explicativa xunto coa información co fin de advertir aos usuarios que os datos foron cambiados.

## 10. Tratamento estatístico

### 10.1. Datos de orixe

Os datos de orixe de FRONTUR e ETR proveñen de enquisas. A enquisa de FRONTUR ten a particularidade de non partir dun directorio ou marco sobre o que facer un deseño mostral e selección da mostra de xeito tradicional. Empréganse diversas fontes administrativas para construír un universo de persoas que entren en España polas distintas vías de acceso:

- **Carretera:** ficheiros de espiras e cámaras da Dirección General de Tráfico e unha operación mostral de aforos.
- **Aeroporto:** ficheiros de voos previstos e voos realizados de AECFA e AENA, respectivamente.
- **Portos:** ficheiro con viaxeiros embarcados e desembarcados en cada porto.
- **Ferrocarril:** ficheiro co número mensual de viaxeiros transportados nas distintas liñas ferroviarias internacionais.

Hai que ter en conta os puntos de acceso que empregan los viajeros para entrar en España, é dicir, os puntos fronteirizos na estrada, os aeroportos con voos internacionais, os portos marítimos, así como as liñas férreas con orixe o estranxeiro. Posteriormente, hai que seleccionar os vehículos, voos, barcos e trens (en estrada, aeroportos, porto e ferrocarril, respectivamente) e, en última instancia, as persoas que viaxen neles.

Para cada unha das vías, lévase a cabo unha estatificación segundo os puntos de enquisación, país de destino do medio de transporte, día da semana... e en función dos fluxos de anos anteriores establecéronse un número de enquisas de FRONTUR a realizar en cada punto de enquisación e mes. Da mostra de FRONTUR, selecciónase unha submostra, en función do tipo de viaxeiro e país de residencia do mesmo, que responderá ao cuestionario de EGATUR.

No caso da ETR como marco para a enquisa emprégase a mostra de vivendas principais que son colaboradoras na Enquisa de Continua de Fogares

### 10.2. Frecuencia da recollida de datos

A recollida da información é mensual.

### 10.3. Recollida de datos

O total das entrevistas fanse persoalmente (CAPI) asistidas por un dispositivo electrónico onde se graba a información recollida en tempo real. O cuestionario pode consultarse na páxina web do INE.

### 10.4. Axuste

Non se leva a cabo ningún axuste estacional

## PROCESO: EXCURSIONISMO

### 11. Proceso de elaboración

#### 11.1. Proceso de elaboración: Método

O proceso para a análise de datos das actividades realizadas pola área resúmese no seguinte proceso:

- Recollida da información procedente de diferentes fontes (enquisas propias, rexistros administrativos, microdatos procedentes doutras entidades,... )
- Incorporación da información obtida e incorporada a unha base de datos baixo a que se pode depurar e executar procesos empregando a linguaxe SQL
- Análise dos datos a través da súa explotación en libros de cálculo ou mediante guións de desenvolvemento empregando a linguaxe R
- Elaboración de informes e táboas de datos mediante o emprego de procesadores de texto ou a través de guións empregando a linguaxe R
- Publicación dos informes e táboas obtidos na páxina web da área para a súa difusión

Estas actividades poden estar en dúas fases de implementación:

- **Fase de desenvolvemento:** Esta fase caracterízase porque a actividade segue recollendo novas análises ou comentarios que fan enriquecer a información publicada final. Nesta xéranse os informes previos, novas estimacións de cálculo ou novas implementacións de código en SQL, R ou a través de libros de cálculo.
- **Fase de produción:** Esta fase caracterízase porque o mecanismo de xeración da información final ao usuario está definida claramente e establécense procesos automáticos para a súa publicación e comunicación aos diferentes usuarios. Cabe destacar que nesta poden xurdir cambios que trasladan novamente a actividade á fase de desenvolvemento.

#### 11.2. Proceso de elaboración: Excursionismo

Esta actividade está en fase de produción